

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 609/2026 de día 16-09-2026 no que se convoca a sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello.

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000012

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria xeral da Corporación o día 16.09.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión extraordinaria e urxente** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 17.09.2026 ás 09:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN DO PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DE DÍA 17-09-2026.**
- 2 PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2 /2026.2ª FASE " DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, Ana Ramos Ramos, como secretaria xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).